



Carballo é unha vila comercial onde conviven pequenos establecementos con grandes superficies, ao mesmo tempo que os máis modernos xeitos de comercio cos máis tradicionais.

A lingua da gran maioría da poboación de Carballo é o **galego** e, contrariamente, moitas das relacións comerciais formais, sobre todo na sinalética, publicidade, etiquetaxe e papelame por parte das empresas non se fan nesta mesma lingua.

Ao mesmo tempo que isto acontece, os estudos sobre a actitude da clientela indican que **máis do 80% da poboación prefire a publicidade en galego**, que máis do 70% quere que o galego estea presente nos escaparates e que a máis do 75% resultarlle agradable que en todos os comercios os/as vendedores/as os/as atendesen en galego.

Para mellorar a calidade do comercio e ao mesmo tempo o nivel de vendas é fundamental adaptar as estratexias de comunicación ás preferencias da clientela.

## Incrementa o teu interese




### Algúns datos de interese sobre as potencialidades da lingua para as estratexias comerciais<sup>1</sup>:


- Máis do 80% da poboación é claramente partidaria de que **o galego se utilice na publicidade**.
- Máis do 75% da poboación **agradece que os atendan en galego** cando acoden a comprar a un comercio.
- O uso do galego pode supoñer un importante **estímulo de compra** para o 40% da poboación.
- **A preferencia** pola **publicidade en galego** é amplamente aceptada polos diferentes tipos de consumidores/as.
- Máis do 90% da poboación cre que o galego é perfectamente válido para anunciar produtos de **prestixio, alto nivel** ou que deban transmitir **confianza**.
- En termos de **simpatía e boa imaxe** do/a anunciante e do produto, o uso do galego pode resultar beneficioso en arredor dun 75% dos/as consumidores/as.
- **A capacidade de comunicación** que na actualidade ten o galego no mundo da publicidade e da empresa confírelle un enorme **valor comercial**, ao vehicular con eficacia valores coma a **calidade** ou a **fiabilidade**.

<sup>1</sup> Os datos están tirados de Ramallo, F. e Rei Doval, G.: *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1997.


### Que lle parece o uso do galego na publicidade?



### Prefiro os rótulos dos escaparates en...



### Resúltalle agradable que cando entra nun comercio o/a vendedor/a ou dependente/a lle fale galego?



## Podo axudarlle en algo?

Axuda á potenciación do galego no sector socioeconómico que se ofrece desde o **Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Carballo**:

- **Atendemos as súas consultas lingüísticas** puntuais.
- **Revisamos os textos** breves das súas campañas publicitarias e da súa rotulación.
- **Asesorámolo/a** para a elaboración de modelos de documentos en galego.
- **Facilitámoslle información** sobre os produtos informáticos en galego para as empresas.
- **Facilitámoslle información** sobre os recursos lingüísticos existentes.
- **Facilitámoslle información** sobre as iniciativas e axudas para a galeguización do sector socioeconómico por parte da administración.
- **Organízanse intervencións** e actividades para contribuír ao incremento do uso do galego no sector socioeconómico.

## Desexa algo máis?

**Servizo de Normalización Lingüística  
Concello de Carballo**

Pazo da Cultura, 1.º andar  
Rúa do Pan s/n  
15100 Carballo  
Tfno.: 981 704 304  
Fax: 981 704 302  
normalizador@carballo.org  
www.carballo.org



SERVIZO DE  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
DO CONCELLO DE CARBALLO

Grazas pola súa visita

Incrementa  
o teu interese



Amabilidade



Está nas mans dos/as comerciantes, empresarios/as e publicistas aproveitar da forma máis eficiente as potencialidades da lingua para estimular o consumo e contribuír á mellora da cota de mercado das empresas e á mellora do comercio e, en definitiva, á mellora da nosa vila.

**En galego, unha decisión estratéxica:**

- para mellorar a calidade do servizo
- para mellorar a relación coa clientela
- para mellorar a competitividade

**é imprescindible:**

- dedicarlle unha atención preferente ás estratexias de comunicación
- emprender unha estratexia lingüística que incorpore e incremente o uso do galego nas relacións comerciais

Incrementa  
o teu interese

